



SÁBADO 15 DE DECEMBRO DE 2018  
ÁS 1:00 PM

**NON HAI XUSTIZA**

**¡TOD@S A MADRID!**

**FRONTE Á CORTE SUPREMA**

**(Plaza Villa de París)**

<https://nohayjusticia.org>

No Estado español, con frecuencia, estanse ditando distintas resolucións do Tribunal Supremo, o Constitucional e a Audiencia Nacional que non só supoñen unha interpretación abusiva da lei, senón que son unha clara vulneración dos dereitos civís e políticos. Esta dinámica xera indefensión nos cidadáns, ao mesmo tempo que alarma social, produto da crecente falla de confianza na tarefa do Poder Xudicial e naqueles que o gobernan.

**Todos temos na memoria casos escandalosos** como o da Manada, o Castor, Palma Arena, mocidade de Altsasu; sentenzas que vulneran claramente a liberdade de expresión (Valtòny, Pablo Hassel,..) e recentemente respecto dos/das nenos/as roubados/as. En casos semellantes, tívose que recorrer ao Tribunal de Xustiza de Estrasburgo que, moitos anos máis tarde, finalmente sentenciou a favor dos afectados, como no caso da Mesa do Parlamento Vasco, no caso do diario Egunkaria, no caso dos/das mozos/as de Girona pola queima de fotos do rei, etc.

**As malas prácticas clientelares no ascenso á carreira xudicial** levaron a que aínda perdure unha reducida cúpula de maxistrados que son ascendidos por designación política aos máximos cargos da administración xudicial, sen que esta promoción responda a méritos profesionais, senón á súa **adscripción ideolóxica**. Este mecanismo de designación atenta contra o principio da división de poderes, sendo unha auténtica fraude no núcleo mesmo do sistema democrático. Con estes nomeamentos podemos afirmar que o Poder Xudicial é un dos poderes que aínda non levaron ao cabo un paso efectivo de democratización que supoña unha quebra coa época franquista.

**Esta anomalía no funcionamento da Xustiza española, foi posta de manifesto no informe GRECO<sup>1</sup> do Consello de Europa**, que en catro informes consecutivos, **incluíu advertencias e denuncias por malas prácticas realizadas de xeito continuado no tempo**. Os informes GRECO conclúen a absoluta parcialidade dos altos estamentos da Xustiza española como consecuencia do seu nomeamento por un órgano politizado como é o CGPJ<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> Grupo de Estados contra la Corrupción (GRECO)

<sup>2</sup> Consejo General del Poder Judicial (CGPJ)

**Ao mesmo tempo, a aprobación e a aplicación irregular e abusiva de instrumentos xurídicos** como: a lei mordaza, a lei de partidos, etc., que xunto cos traslados de expedientes ao Tribunal Supremo e á Audiencia Nacional, comportan situacións de indefensión da cidadanía e son unha coartada que favorece a aplicación de medidas de excepción incomprensibles en ausencia de violencia (prisión incondicional sen fianza, inhabilitacións para exercer cargos públicos, elevadas multas disuasorias, embargamentos de patrimonio, confinamento territorial, etc.). Tampouco é admisible que as políticas penitenciarias impliquen medidas de represión ou afastamento que comportan danos ás familias. Esta dura actuación, vai acompañada da permisividade por parte da xudicatura coas actitudes violentas de grupos racistas e fascistas (Valencia, Blanquerna, ...), que fan pensar nunha alarmante deriva.

**E aínda máis, a xudicialización da política permitiu durante anos que o Goberno Español actuase a través da Fiscalía** para combater modelos sociais e económicos alternativos, a disidencia política, prohibindo mecanismos de consulta e participación populares, actuacións que son un grave atentado contra os dereitos civís e políticos e que enfraquecen, cada día máis, a calidade democrática.

**É preciso lembrar que só en Cataluña hai máis de 1.200 persoas imputadas e investigadas, máis de 700 son autoridades locais** e outros cargos electos, os cales viron gravemente afectados os seus dereitos individuais e colectivos por actuacións pacíficas e non violentas no exercicio do seu cargo. A pesar de que aínda non se celebraron os xuízos e polo tanto todo o mundo debería ter o dereito de presunción de inocencia, a acción da Xustiza Española está comportando prisión incondicional sen fianza, inhabilitacións preventivas e inxerencias graves no funcionamento das institucións (Parlament e concellos), vulnerando o resultado das eleccións.

Todas estas prácticas contrastan coas respostas que deron os tribunais dos países europeos (Alemaña, Bélxica e Gran Bretaña) á petición de extradición que emitiu a Xustiza Española, aos cargos políticos exiliados, acusados inxustamente por rebelión e sedición.

Nos últimos tempos, **estanse abrindo insólitos procesos penais en moitos territorios, Andalucía, Madrid,...** impoñendo ata penas de prisión a persoas que participaban en protestas pacíficas sen respectarse o dereito de protesta e a liberdade de expresión e manifestación. **Outra das manifestacións alarmantes é a aplicación do artigo 315.3 do Código Penal, con reminiscencias franquistas, contra os sindicalistas que participan en folgas e manifestacións**, que comportou máis de 300 persoas procesadas. Todas estas circunstancias serían inimaxinables, tendo en conta a total ausencia de violencia, nos feitos que se xulgan e contrastan co trato dispensado a personaxes como Urdangarín, Rato ou Bárcenas que gozaron de liberdade durante os seus procesos xudiciais.

E é de destacar o **modelo de impiedade mantido polo poder xudicial en relación coa falta de investigación e enxuzamento dos crimes contra a humanidade cometidos durante a ditadura franquista**. Dende o ámbito xudicial sostense a política de impiedade dende dous planos: Por unha banda obstaculizando gravemente a tramitación da causa penal que se instrúe no Xulgado de Buenos Aires (a denominada "Querela Arxentina"), denegando as ordes de detención e as peticións de extradición

dos imputados, negándose a tomar declaración indagatoria aos propios imputados, etc... e, por outro, inadmitindo a trámite as querelas criminais que se presentan nos Tribunais do Estado español. Neste senso enmárcase a non admisión das querelas contra Antonio González Pacheco ( “Billy el niño”).

**Sentenzas como a da Manada poñen en evidencia que o Poder Xudicial ten aínda que asumir que a violencia cara ás mulleres non é unha cuestión individual, nin privada, senón que é unha cuestión de dimensión social e política.** A violencia exercida contra as mulleres é a máis alta negación dos dereitos humanos e a evidencia do dominio patriarcal que o exerce provocando que as mulleres non poidan lograr o seu pleno desenvolvemento como seres humanos e cidadás de pleno dereito. A violencia machista é unha das peores lacras das sociedades **e o Poder Xudicial ten que formarse para incrementar a súa sensibilidade social** e contribuír á súa erradicación.

As persoas racializadas e migrantes sofren vulneracións flagrantes dos seus dereitos perante os tribunais. Desgraciadamente o estamento xudicial non adoita aplicar o artigo 510 do Código Penal, pensado para protexer colectivos historicamente discriminados (mulleres, homosexuais, negros, xitanas, etc.). E o mero feito de ser persoas estranxeiras ou racializadas convérteas sistemáticamente en sospeitosas.

**No caso recente das hipotecas, a desigual capacidade de reacción do Poder Xudicial** para frear unha sentenza que era desfavorable aos bancos, son un claro indicador que pon en cuestión a neutralidade da xustiza española.

Por todo isto, **NON HAI XUSTIZA** quere ser un espazo social de denuncia contra todas estas vulneracións de dereitos e, por isto, propoñémosvos levar ao cabo unha mobilización conxunta, impulsada dende moitos ámbitos, para denunciar as irregularidades manifestas do Poder Xudicial Español.

**Neste senso, convocamos para o vindeiro 15 de decembro en Madrid, diante da Audiencia Nacional e o Tribunal Supremo, a manifestarnos para visibilizar, aínda máis, os fortes déficits democráticos que se arrastran dende o franquismo.**

**Queremos poñer en evidencia que o poder xudicial protexe as elites e que a xudicialización da vida política é un mecanismo que se aplica sistematicamente contra toda forma de discrepancia política que quere ser transformadora e que pretende actuar para superar o réxime de 1978. Por todo isto, denunciemos que, agora fai 40 anos, instaurouse unha transición que pretendía blindar a monarquía, perpetuar os privilexios das oligarquías e restrinxir os dereitos civís e políticos, tanto da cidadanía como das diversas Nacións do Estado español.**